



Entrevista I Abraham Pérez: “A arte faz parte da minha vida, não só como criador, mas como ser humano”

12/03/2025

<https://quiasmo.net/2025/03/12/entrevista-i-abraham-perez-a-arte-faz-parte-da-minha-vida-nao-so-como-criador-mas-como-ser-humano/>

Abraham Pérez é um autor que entende a escrita não apenas como um ofício, mas como um modo de compreensão do mundo. Nascido em Lugo, em 1990, o seu percurso transita entre a literatura e a filosofia, duas áreas que, no seu processo criativo, se entrelaçam de forma indissociável. Para ele, a identidade é algo em constante construção, uma passagem pela qual atravessam leituras, imagens, sons e experiências. Nesta entrevista, mergulhamos no seu pensamento sobre o fazer literário, a importância do estudo rigoroso e a necessidade de um olhar crítico sobre a contemporaneidade. A sua visão da criação artística passa por um compromisso com a forma, um apelo à reflexão e uma resistência à aceleração que marca o nosso tempo. Entre poesia e narrativa, entre a exigência formal e a multiplicidade de leituras, Abraham Pérez constrói uma obra que desafia rótulos e convoca o leitor para uma experiência estética profunda e consciente. Falamos aqui sobre o seu processo de escrita, as influências filosóficas no seu trabalho e os desafios da criação no mundo atual. Uma conversa que nos convida a pensar a literatura como um espaço de liberdade, rigor e questionamento.

Quem é Abraham Pérez?

Ben, coido que esta debería ser a resposta máis sinxela de dar, porén semella, sen coñecer o que vén por diante, das máis complexas. Penso que todo ten un contexto e os datos, imos dicir oficiais, din que nacín en Lugo no ano 1990. En calquera caso, creo que a figura delimitada é o menos relevante. Considero que somos algo semellante a unha pasaxe: un espazo polo que pasan moitas cousas e, en consecuencia, iso tan precario que denominamos identidade, entendido coma un construción definida e rematada, non é máis que o conxunto das lecturas, visualizacións, escoitas e relacións sociais (todo isto nun amplo senso) que establecemos durante a vida. Sen esas coordenadas e sen o contexto no que se posibilitan, coido, sería falsear unha realidade. Somos algo aberto e en constante elaboración. Unha especie de coexistencia de presente, pasado e futuro.

Como a poesía e as artes, por exemplo... Que é o te achega a essa faceta criativa?

Se a lectura é, para min, un modo de estar no mundo, orixe do coñecemento e, claro, do estudo, a escrita é un modo de comprensión do mundo, de aclararmo (ou, cando menos, intentalo) sabendo que sempre está abocada ao fracaso.

Como levas a cabo o teu traballo criativo?

O estudo é a parte central do traballo. Sen estudo rigoroso non habería posibilidade de tentar facer unha obra coherente. No meu caso, as distintas pezas, os distintos textos, son froito de moito traballo formal. Certo é que non penso se vou escribir un conxunto de poemas ou un libro de carácter máis narrativo, senón que o que acontece é que grazas a ese estudo e da preocupación arquitectónica, comezan a xurdir vestixios a partir dos cales comezo a traballar. E, desde aí, que é un proceso longo, empezo a puír, a recortar, a eliminar cousas que sobran, até, como digo sempre, que a obra comeza a facer un escorzo. O momento da reescrita, ou mellor, da depuración é o traballo que máis tempo me leva. Durante o mesmo, chega un punto de equilibrio entre a forma e o contido que xa posibilita que camiñe por si soa, é necesario abandonala. E é aí onde se manifesta a ambivalencia, as distintas capas de lectura, o punto de humor –soterrado- e burla.

Outra cousa é o ritmo de publicación. No meu caso, non adoitan cadrar. Ás veces publícanse varias obras en relativo pouco tempo, mais a súa existencia é froito de moitos anos de traballo. Sucede que, ás veces, xúntanse e parece que un produce, no lugar de crear.

Que papel ocupa a filosofía na tua vida e no teu proceso creador?

A miña formación académica está directamente vencella á filosofía. Tal e como me refería anteriormente ao proceso de estudo para a creación literaria, coido, que o podo ligar de xeito directo á necesidade de comprensión, nun sentido amplo e non instrumentalizado, para darlle á vida máis intensidade. Para min, que entendo que todo é un proceso, non hai separación entre, imos dicir, esferas vitais, senón que, pola contra, todas manifestan aspectos sobre o mesmo, aínda que sexan vividos de xeito diferente.

En consecuencia, o proceso creador está traspasado por certas preocupacións, poderíamos dicir nun ton excesivamente académico, de índole filosófica. De feito, se na preocupación existente entre atopar un equilibrio entre forma e fondo (sendo a forma absolutamente central), considero que a miña obra, cada texto, é un conxunto de superposición de capas que permiten entrar neles desde distintas arestas. Esixen, xa que logo, unha lectura pausada e si, tamén, reflexiva. Case podería dicir que a miña poesía é para ler (en silencio), mais que para recitar; e a creación de carácter máis narrativo, encaixa cunha construción en capas que ensamblan distintos niveis de lectura. De aí que se precisen lecturas formadas e informadas.

Uma maneira bastante unificada de compreender o proceso criativo... A tua maneira de entender o mundo de hoje é coincidente com esses critérios? Que perspectiva tens?

A tarefa formal é absolutamente central, como digo. Mais, creo que é importante nun proceso creativo reflexionar sobre a relación que se establece coa obra, en múltiples dimensións. Este feito, que non se aprecia na obra en si, cando menos de primeiras, é importante para darlle coherencia ao que un está a facer. Parece que na época actual, entre outras cousas, a velocidade e a debilitación dos conceptos lévanos a unha redución do que somos a puras subxectividades consumistas (nisto consiste para algúns o concepto de liberdade), aparentemente bastante caprichosas (aínda que non tanto). E o que sucede é que todo é un tecido, e un precisa de

ferramentas (estudo, por exemplo) para abrir camiños de comprensión. A carencia disto que sinalo, ás veces, trasládase á capacidade que temos para abordar as obras. É necesario reler a tradición e actualizala. Non podo escribir coma alguén de comezos de século (tampouco o pretendo, malia que haxa temas que han ser abordados porque como humanos tócanos unha e outra vez), principalmente porque non vivimos nas mesmas coordenadas temporais. Isto que quere dicir que, en ocasións, interésame, para crear, observar, estudar e analizar elementos da realidade para logo poder saber, no caso que decida utilizalos, por exemplo para crear unha voz, ou un conxunto de voces, nunha narración, como construír a nivel formal o texto. A arquitectura, pero tamén a linguaxe, da cal emana a lingua e os xogos de linguaxe, e as posíbeis diferenzas ou semellanzas nos elementos propios da obra, que debe aparecer de xeito explícito, pero tamén que se debe dicir de xeito implícito. Parece que os elementos presentes no devir epocal estragan a capacidade de lectura e analítica, e desvirtúase o texto. Claro que haberá quen apele á independencia do lector e da lectora: por suposto! Pero axuda a corrixir este solipsismo un estudo que posibilite superar ese peche e enlazar todos os aspectos nunha rede que dea riqueza á recepción: aquí está a verdadeira liberdade e independencia na estética da recepción. O texto, a obra é independente, pero está nun tecido moito máis complexo do que se cre, e reduciilo a un conxunto de emocións ou, mellor, de pseudoemocións preconfiguradas (por modas ou por rebelións contra o teoricamente establecido), conduce en ocasións á distorsión e o seu debilitamento.

Uma maneira profunda e independente de trabalhar no essencial, pois. Há aí também uma concepção do mundo que nos permita sair desta convulsão que nos rodeia?

Coido que todas as posibilidades pasan por aspectos que se insiran nunha rede de elementos. Tocar un aspecto de xeito illado, polo xeral, só serve para trazar un perfil que afasta máis ca achega á comprensión. Evidentemente, calquera aproximación que eu poida facer neste espazo non pode ser máis que precaria e provisoria. Malia todo, coido que é necesario repensar aspectos que posibiliten delimiten os problemas esenciais, se cadra coma un repregamento cara ao ontolóxico; e, posibelmente, combinando un xogo dialéctico con quiasmos.

En calquera caso, o estudo, o pensamento crítico e a arte son combinacións interesantes para trazar posíbeis liñas dun futuro aberto.

Que outras facetas, criativas e/ou vitais, chamam a tua atención para serem transitadas por ti num futuro mais ou menos próximo?

A Arte forma parte da miña vida, xa non só coma, poderíase dicir, creador, senón coma humano. En consecuencia, o feito de que a vida dun sexa unha pasaxe, un espazo polo que transitan as obras, dalgún modo axuda a crear unha obra propia que, non é nin máis nin menos, que a propia vida. Agora ben, referido a desenvolver unha [τέχνη](#), coido que, malia o meu interese polo cinema ou as artes plásticas, non haberá nada, nun principio, que poida ser comunicado.

Que projectos tens, seja no imediato ou num futuro mais longínquo no teu percurso criador, nas suas diversas vertentes?

Neste intre estamos a preparar a tradución ao portugués de *Gaivotas manchadas de petróleo*, un texto que, malia o seu risco e a súa particularidade, estame a dar moitísimas satisfaccións. Debería estar na rúa ao longo deste primeiro semestre do 2025.

E, por último, para onde consideras que estamos indo colectivamente, tanto em Galiza como no mundo?

Ben, coido que estamos nunha situación complexa, poderíamos dicir, dialecticamente contraditoria, de xeito aparente. Por unha banda, o devir do sistema económico, como algo veloz e triturador, marca unha velocidade de vertixe que aboca, semella, a uns tempos non moi esperanzadores. Semella que vivimos nunha época chea de crises: non só as económicas (as que necesita o propio capitalismo para sobrevivir), senón a unha enerxética, climática, ecolóxica e política. Porén, todas elas, ao meu modo de ver, engarzan no plano económico. Todo este rodopío no que parece que vivimos inmersos imposibilita repensar a nosa vida, de aí que anteriormente insistira na necesidade do detemento e do estudo para unha comprensión máis... humana. Aínda así, toda esta velocidade, no fondo, semella non existir, precisamente porque non somos capaces de pensar e propoñer outros modelos existenciais que limiten (xa non digo que poñan en cuestión) o statu quo. Deste xeito, estamos detidos nun inmovilismo case absoluto. As esferas vitais foron mesturándose, até tal punto que a existencia semella que só ten sentido se estamos a producir. Esa diferenza entre o tempo de produción e o tempo libre (non falemos da perversión que é o concepto “tempo de ocio”) case non existe. Fíxate que na lingua, nas expresións cotiás, esa lingua economicista que traspasa todas as fronteiras é un síntoma: a xente xestiona os seus cartos, pero tamén as relacións afectivas, o lixo ou as emocións. Ao meu modo de ver todo se converte nunha holografía, nun simulacro. Habitamos imaxes cegas de corpos exhaustos (de aí a moda de certas liñas de pensamento de baixa intensidade que falan dunha sociedade do cansazo. A súa crítica é un modo máis de representación dentro desta lóxica): un mundo que valora as experiencias sempre que sexan cuantificábeis. Todo queda reducido a unha vulgar imaxe. Dá o mesmo que sexa unha fotografía dun xantar pendurada nas redes sociais ou ao carón dunha fiestra con Nova Iorque ao fondo. Todo este modelo de subxectivación redúcese a uns modos de individuación onde o real só pode estar prefixado en termos económicos e recuberta co papel celofán dunha pseudo obra de arte. Construímos imaxes a través de máis imaxes que non sabemos interpretar. Constrúese a ficción dunha liberdade que só significa unha liberdade de escolla entre as opcións presentes no mercado, de aí que calquera cuestión teña que estar o suficientemente adaptada a un criterio de masa (porque paulatinamente a nosa psique foi moldeada. Non preciso a ninguén que me obrigue a facer tal cousa porque o meu desexo xa foi canalizado), esa baixa intensidade que marca este modelo ontopolítico. E todo o que non poida estar presente nesa escolla, directamente non ten sentido. Xogando co título de Carver, de que estamos a falar cando falamos de ética?